

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL SANTA COMBA

Acordo do Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 24.9.2021, en materia de organización municipal e dedicacións parciais

EDICTO

Acordo do Pleno da Corporación, en sesión ordinaria do 24/09/2021, en materia de organización municipal e dedicacións parciais

Asunto 1.2: modificación 1 das dedicacións parciais dos membros da Corporación.

Logo de ver que no acordo do Pleno da Corporación municipal, en sesión realizada o 16 de xullo de 2021, foron aprobadas as dedicacións parciais destas tres concellerías-delegadas (BOP núm. 149, do 09/08/2021):

Cargo	Retribucións brutas anuais	Dedicación mínima
Concelleira-delegada de Servizos Sociais, Muller, Igualdade	22.000 €	50% da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario rixido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas
Concelleira-delegada de Deportes	22.000 €	50% da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario rixido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas
Concelleiro-delegado de Cultura, Educación, Formación, Turismo, Xuventude e Medios Tecnolóxicos	22.000 €	50% da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario rixido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas

As retribucións brutas mencionadas no parágrafo anterior, son independentes da cotización do concello á Seguridade Social, percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás distintas mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, debendo proceder á súa alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.

As contías sinaladas incrementaranse anualmente na porcentaxe que experimentarán as variacións anuais que dispoñan os orzamentos do Estado para as dos funcionarios públicos.

E de ver que no decreto da alcaldesa núm. 854/2021, do 02/07/2021, foron designado/as os/as concelleiro/as delegados/as nos cargos mencionados (BOP núm. 127, do 08/07/2021).

E de ver que no decreto desta alcaldesa núm. 877/2021, do 06/07/2021, se modificou, por ampliación, (en materia de Formación), a delegación do exercicio de atribucións xenéricas conferidas a prol do concelleiro, don Manuel Andrés Iglesias Mouro, nas materias de: Cultura, Educación, Turismo, Xuventude, Medios Tecnolóxicos e Formación (BOP núm. 130, do 13/07/2021).

E de ver que no decreto da alcaldesa núm. 110/2021, do 30/08/2021, por necesidades dalgúns servizos e un mellor reparto das cargas de traballo, se modificaron as delegacións de atribucións xenéricas conferidas no decretos da alcaldesa mencionados. Neste mesmo decreto se conferiron novas competencias en materia de Cultura e Turismo.

Estas modificacións motivan a necesidade de reorganizar o réxime de dedicacións parciais do goberno municipal que se realizaron mediante os decretos da alcaldesa mencionados.

As concellerías-delegadas nas que se modificaron as competencias e as atribucións e a de nova creación quedarán deste xeito:

Servizos Sociais, Muller, Igualdade e a Escola Municipal
Educación, Xuventude, Medios Tecnolóxicos e Formación
Cultura e Turismo

As concellerías delegadas que permanecen viventes e sen alterar:

Servizos e Urbanismo
Deportes

E de ver que os membros das Corporacións Locais terán dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, así como a percibir indemnizacións na contía e condicións que estableza o Pleno da Corporación, en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

E de ver o disposto no artigo 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, (LBRL) (BOE núm. 80, do 03/04/1985); no artigo 225 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, (LALGa) (DOG núm. 149, do 05/08/1997 e BOE núm. 237, do 03/10/1997) e no artigo 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) (BOE núm. 305, do 22/12/1986).

A Corporación municipal, por maioría simple, ACORDOU:

1. Modificar as competencias das concellerías-delegadas, sen que se modifiquen as retribucións nin a dedicación mínima dos membros da Corporación en réxime de dedicación parcial, que afectan a estes cargos:

Cargo	Retribucións brutas anuais	Dedicación mínima
Concellería-delegada de Servizos Sociais, Muller, Igualdade e Escola Infantil Municipal	22.000 €	50% da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario ríxido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas
Concellería-delegada de Educación, Formación, Xuventude e Medios Tecnolóxicos	22.000 €	50% da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario ríxido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas

2. A retribución dunha dedicación parcial, a media xornada, para realizar as tarefas propias do cargo a unha concellería-delegada, cunhas retribucións anuais brutas de 22.000 € brutas.

Cargo	Retribucións brutas anuais	Dedicación mínima
Concellería-delegada Cultura e Turismo	22.000 €	50% da xornada de traballo que se establece para os funcionarios municipais, sen que se estableza un horario ríxido predeterminado, dada a índole política das funcións desenvolvidas

As retribucións brutas mencionadas nos parágrafos anteriores, son independentes da cotización do concello á Seguridade Social, percibiranse en catorce pagas, doce correspondentes ás distintas mensualidades do ano e as dúas restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, debendo proceder á súa alta no Réxime Xeral da Seguridade Social.

As contías sinaladas incrementaranse anualmente na porcentaxe que experimentarán as variacións anuais que dispoñan os orzamentos do Estado para as dos funcionarios públicos.

Esta retribución queda condicionada á entrada en vigor dos orzamentos para o ano 2021.

3. Que, se modifique o anexo de persoal para incluír as retribucións e competencias indicadas no parágrafo 1 e 2.

4. O Pleno da Corporación municipal comprométese a consignar nos seus orzamentos as cantidades suficientes para atender estas obrigas económicas.

5. Comunicar esta resolución aos diferentes servizos municipais para o seu coñecemento e os efectos que correspondan.

6. Dar conta á secretaria de Estado das Administracións Públicas, por medio do Portal das Entidades Locais (seguinte de concelleiros).

7. Este acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica municipal, no portal de transparencia e na páxina web municipal.

Santa Comba, 1 de outubro de 2021.

A alcaldesa

María Josefa Pose Rodríguez

2021/7181